

**REUNIÓN DA COMISIÓN 2.^a,
ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS
PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E
SERVIZOS**

Día: 06.04.2017 Hora: 10:30

A Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 6 de abril de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único. Preguntas orais

- 1.1 2785 (10/POC-000399)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Castiñeira Broz, Jaime e 6 máis
Sobre a creación dunha rede de reservas da biosfera de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 44, do 13.01.2017
- 1.2 4307 (10/POC-000738)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón
Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia en relación
coas denuncias referidas ás verteduras e obras realizadas polos titulares
das minas de San Finx, no concello de Lousame
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 63, do 09.02.2017
- 1.3 4899 (10/POC-000848)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 6 máis
Sobre o número de centros educativos construídos en Galicia coa
presenza de amianto nalgún dos seus materiais, as previsións do Goberno
galego en relación coa elaboración dun informe ao respecto e un plan
para a súa eliminación, así como unha normativa específica na materia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 70, do 21.02.2017
- 1.4 5578 (10/POC-000978)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Antón Vilasánchez, María Ángeles e 9 máis
Sobre as actuacións concretas que vai acometer o Goberno galego para a
integración paisaxística dos Camiños de Santiago á súa entrada en
Compostela
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 76, do 02.03.2017
- 1.5 5715 (10/POC-000994)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre os datos referidos ás reunións levadas a cabo e os acordos adoptados pola mesa de traballo permanente para a potenciación do Camiño Portugués na provincia de Pontevedra, a contratación dalgunha consultoría externa para a realización dun estudo da súa accesibilidade e seguridade viaria, así como as actuacións levadas a cabo e previstas para a súa mellora

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 80, do 09.03.2017

1.6

5874 (10/POC-001027)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 3 máis

Sobre o coñecemento polo Goberno galego das concentracións de gas radón existentes en Galicia, as súas previsións respecto da recuperación da exixencia de forxados sanitarios ventilados nas vivendas de nova construción e a súa inclusión nas Normas de habitabilidade de Galicia, así como o fomento de axudas á rehabilitación co fin de favorecer a redución desas concentracións nas vivendas ou edificacións públicas

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 80, do 09.03.2017

1.7

6197 (10/POC-001080)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da dotación dunha área de peaxe á zona de enlace da vía Ártabra coa autoestrada AP-9, no lugar da Gándara-Armental, na parroquia de Pravio, a gratuidade do servizo, así como a execución da futura conexión desa vía coa A-6, ante a modificación introducida no proxecto en relación co Plan sectorial da Rede viaria da Coruña, Arteixo, Culleredo, Cambre e Oleiros

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 84, do 16.03.2017

1.8

6630 (10/POC-001152)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre os impedimentos existentes e o prazo fixado polo Goberno galego para a posta en servizo do último tramo da vía Ártabra que dá acceso ao porto de Lorbé, así como as súas previsións respecto da realización das obras necesarias para lles posibilitar aos veciños o acceso a pé aos diversos puntos da súa localidade sen teren que cruzar o novo vial

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 88, do 23.03.2017

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2017

Jaime Castiñeira Broz

Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 2.^a, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Jaime Castiñeira Broz

P

Vicepresidenta

Marta Nóvoa Iglesias

P

Secretario

Antón Sánchez García

EM

Vogais

Xosé Luís Bará Torres

BNG

Marcos Cal Ogando

EM

Raúl Fernández Fernández

S

Martín Fernández Prado

P

Antonio Mouriño Villar

P

María Luisa Pierres López

S

María Julia Rodríguez Barreira

P

Gonzalo Trenor López

P

Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna

P

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 06.04.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 06.04.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 2785(10/POC-000399)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Castiñeira Broz, Jaime e 6 máis

Sobre a creación dunha rede de reservas da biosfera de
Galicia

Publicación da iniciativa, 44, 13.01.2017



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2016 13:42
Nº Rexistro: 2785
Data envío: 30/12/2016 13:42:44.863

Á Mesa do Parlamento

Jaime Castiñeira Broz, Daniel Varela Suanzes-Carpegna, Martín Fernández Prado, Marta Nóvoa Iglesias, Silvestre J. Balseiros Guinarte, Julia Rodríguez Barreira e Antonio Mouriño Villar, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

As Reservas da Biosfera son territorios cuxo obxectivo é harmonizar a conservación da diversidade biolóxica e cultural e o desenvolvemento económico e social a través da relación das persoas coa natureza.

En Galicia existen seis territorios declarados como Reserva da Biosfera: Terras do Miño, Área de Allariz, Os Ancares Lucenses e Montes de Navia, Cervantes e Becerreá, Río Eo, Oscos e Terras de Burón, Transfronteiriza Gêres-Xurés, Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

Actualmente a Xunta de Galicia está a tramitar o proxecto de Decreto polo que se crea a Rede de Reservas da Biosfera de Galicia. Tras o acordo de inicio da tramitación adoptado polo Consello da Xunta de Galicia o día 8 de setembro de 2016 e logo de ser aprobado inicialmente pola Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, o proxecto se atopa publicado no portal de transparencia da Xunta de Galicia, no apartado de normativa en tramitación, ao abeiro do establecido na Lei de Transparencia e bo Goberno.

Polo exposto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas en Comisión:

- 1- Cal é a finalidade da creación dunha Rede de Reservas da Biosfera de Galicia?
- 2- Que reservas da biosfera se verán incluídas dentro desa Rede?
- 3- Cal é o trámite que resta para a aprobación do decreto regulador da Rede de Reservas da Biosfera de Galicia?

Santiago de Compostela 30 de decembro de 2016

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/12/2016 13:42
Nº Rexistro: 2785
Data envío: 30/12/2016 13:42:44.863

Jaime Castiñeira Broz na data 30/12/2016 13:13:58

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 30/12/2016 13:14:07

Martín Fernández Prado na data 30/12/2016 13:14:19

Marta Novoa Iglesias na data 30/12/2016 13:14:30

Silvestre Balseiros Guinarte na data 30/12/2016 13:14:39

María Julia Rodríguez Barreira na data 30/12/2016 13:14:46

Antonio Mouriño Villar na data 30/12/2016 13:15:00

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 06.04.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 4307(10/POC-000738)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións levadas a cabo pola Xunta de Galicia en relación coas denuncias referidas ás verteduras e obras realizadas polos titulares das minas de San Finx, no concello de Lousame

Publicación da iniciativa, 63, 09.02.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sanchez García, deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.ª**.

Con data de 27 de xaneiro de 2016 presentouse denuncia, que obra nos expedientes DH.W15.53713 e DH.D15.53073 de Augas de Galicia, relativa a obras ilegais carentes de autorización realizadas polos titulares da Mina de San Fins, en Vilacova, Lousame, en Dominio Público Hidráulico e Zona de Policía do río San Fins. Con data 27 de abril de 2016 comunicóuselle ao denunciado o contido da denuncia instándoselle a que solicitase a "legalización" das obras ilegais denunciadas, quedando paralizado o expediente sancionador.

Con data de 8 de agosto de 2016 presentouse denuncia relativa a verquidos ilegais do río Sanfins de augas ácidas industriais residuais mineiras polos mesmos titulares, e que deu lugar a un "Informe Denuncia n.º 2016-100898-0038", correspondente coa inspección realizada polo SEPRONA o 24 de agosto de 2016. O Director de Augas de Galicia comunicou á organización denunciante que en relación a esas verteduras ilegais denunciadas se estaba a tramitar un expediente de autorización de verteduras, con clave DH.V15.54967.

Deste xeito, en lugar de tramitar os correspondentes expedientes sancionadores, tanto relativos á vertedura ilegal como ás obras realizadas para realizar e aumentar estas verteduras, Augas de Galicia tramitou o procedemento con clave DH.V15.54967 que estivo a exposición pública durante 30 días após a



publicación no BOP da Coruña de 21 de outubro de 2016 do correspondente anuncio de Augas de Galicia.

Na documentación que obra en dito expediente constan as análises de augas feitas, tanto pola empresa solicitante como por Augas de Galicia, mostrando concentracións de metais pesados, incluíndo a sustancia prioritaria e perigosa Cadmio, que superan varias veces os límites legais establecidos nas Normas de Calidade Ambiental, mentres que, augas arriba da mina, as concentracións de metais pesados son indetectábeis. No caso das análises de Augas de Galicia, correspóndense aos resultados da Inspección do Plan de Control de Vertidos de 8 de febreiro de 2016 (código DC-JPR-080216-A6).

O día 12 de maio de 2016, o Sr. Director Xeral de Enerxía e Minas compareceu ante a Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, para responder a certas preguntas relativas ás Minas de San Fins, en Lousame. Facíao 12 días despois de que un incendio intencionado queimara 9 hectáreas de monte veciñal, sobre unha das concesións mineiras, e de que a empresa fora notificada por Augas de Galicia dunha denuncia por obras ilegais sobre o DPH e zona de policía nunha parcela desa mesma Comunidade de Montes (procedementos DH.D15.53073 e DH.W15.53713). Dicía o Director Xeral de Enerxía e Minas:

“Onte, [11/05/2016], fíxose unha inspección polo plan de control de vertidos en San Fins, onte, onte, Sr. Vázquez, e nesta acta de inspección, vou a decirlle o que se di literalmente: 'Segundo se pode verificar en campo, a balsa referenciada correspóndese con unha presa existente no río San Fins uns 400 metros augas abaixo da explotación mineira. Trátase dunha presa construída en formigón duns 28 metros de longo que dispón dun paso duns 1 ou 1,5 metros na marxe esquerda. Segundo se pode observar, a lamina de auga presenta escasa profundidade pois



visualízase perfectamente o fondo nas zonas próximas á marxe esquerda do río. E a auga flúe sen impedimento a través do paso antes indicado producindo un salto de augas abaixo no cauce do propio río. Compre indicar que se observa unha gran acumulación de finos e/ou gravas e en gran proporción seixo en toda a zona, se ben non se detectan indicios de contaminación. Por tanto, non hai lodos, hai escorrentías, hai pedras, hai areas de escorrentías. Por tanto 'non se detectan indicios de contaminación. Auga totalmente transparente, presenza de vexetación, e ausencia de cheiros. Por tanto, según o plan de control de vertidos aí non existe ningún tipo de vertido contaminante. E, que por outra banda, esa presa non contén ningún tipo de lodos”.

Non obstante, nun escrito asinado polo Director Xeral de Augas de Galicia, o 29 de setembro de 2016, dando resposta a unha solicitude de información indícase "que non consta a realización durante o mes de maio de 2016 de ningunha inspección por parte da Área de Vertidos ás instalacións das minas de San Finx", e tampouco no citado expediente de autorización de vertidos consta ningún outro informe de control de vertidos.

Estas verteduras continúan producíndose de forma continuada as 24 horas do día con un caudal. Ante a inactividade do organismo hidráulico, continúa realizando obras ilegais sobre o dominio público hidráulico e zona de policía, de forma continuada e con total impunidade, como veñen denunciando diversos colectivos.

Polo exposto, preséntanse as seguintes preguntas:

1ª). É falsa a afirmación do Sr. Director Xeral de Enerxía e Minas, na súa comparecencia ante a Comisión 6ª Industria, Enerxía, Comercio e Turismo de 12 de maio de 2016, na que afirmaba que no día 11/05/2016, "se fixo unha



inspección polo plan de control de vertidos en San Finx"? Non caso de non ser falsa, mentiu vostede no seu escrito de 29 de setembro de 2016?

2.- En que artigo e texto legal se ampara a actuación administrativa do Director de Augas de Galicia e dos funcionarios do organismo hidráulico para non teren tramitado os expedientes sancionadores, relativos ás denuncias sinaladas, e para obviaren o deber de xustificación da actuación administrativa ao denunciante?

3.- Considerando que o RDPH prohíbe a realización de vertidos que precisen autorización faltando a mesma, e que Augas de Galicia ten pleno coñecemento de que durante as 24 horas do día o titular das minas de San Fins está vertendo ao Dominio Público Hidráulico (DPH) augas ácidas residuais de mina, que artigo de que texto legal ampara a inactividade de Augas de Galicia, tendo en conta que a súa función primordial é a protección do DPH?

4.- A documentación obrante no expediente de autorización de verteduras clave DH.V15.54967 indica que no período 2009-2013 o anterior titular da mina realizou un vaciado de plantas por debaixo da 4ª, inundadas con augas ácidas de mina, sen contar con autorización de Augas de Galicia. En que norma xurídica se ampara Augas de Galicia para non incoar o expediente sancionador a estas verteduras ilegais das que ten constancia?

5.- Estando previstas estas verteduras de augas ácidas de mina no proxecto de explotación aprobado polo Sr. Tahoces na súa Resolución de 28 de decembro de 2009, e verificándose o vaciado das plantas inundadas con augas ácidas de mina nos sucesivos planos de labores. Sabe se esta é unha práctica que se teña producido noutras minas? Ten pensado facer Augas de Galicia algo ao respecto?



6.- Ten autorizado no pasado Augas de Galicia autorizacións de "intensificación puntual de desaugue" deste tipo nas minas de San Fins ou outras explotacións mineiras? Está ao corrente Augas de Galicia de que a Dirección Xeral de Enerxía e Minas teña autorizado, consentido ou tolerado este tipo de verteduras á marxe das súas competencias legais?

7.- Estaba o titular en posesión da correspondente avaliación de impacto ambiental previamente á tramitación das referidas solicitudes?

8.- Os sucesivos titulares mineiros construíron, mantiveron e son propietarios de dúas presas construídas ilegalmente no río San Fins, á altura da explotación mineira e augas abaixo da mesma, que foron denunciadas en reiteradas ocasións tal e como ten constancia persoal o Director de Augas de Galicia. A presa máis próxima á escombreira colapsou parcialmente durante o período de explotación da anterior concesionaria, a cuxo proxecto se subrogou a actual, liberando ao río San Fins toneladas de residuos industriais mineiros, feito tamén denunciado e coñecido polo organismo hidráulico. Por qué motivo Augas de Galicia non incoa expediente sancionador?

9.- Cantas denuncias se recibiron por actuacións ilegais dos sucesivos titulares mineiros das Minas de San Fins desde 1983? A cantos expedientes e cantas resolucións sancionadoras deron lugar e con que consecuencias sancionadoras (indicando as súas cuantías, de ser o caso)?

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2017.

Asdo.: Antón Sánchez García

Deputado do G.P. de En Marea



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/01/2017 12:59
Nº Rexistro: 4307
Data envío: 31/01/2017 12:59:44.856



Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 31/01/2017 12:59:10

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 06.04.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 4899(10/POC-000848)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 6 máis

Sobre o número de centros educativos construídos en Galicia coa presenza de amianto nalgún dos seus materiais, as previsións do Goberno galego en relación coa elaboración dun informe ao respecto e un plan para a súa eliminación, así como unha normativa específica na materia

Publicación da iniciativa, 70, 21.02.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2017 16:30
Nº Rexistro: 4899
Data envío: 10/02/2017 14:29:55.008



 Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo, Luis Manuel Alvarez Martínez, Julio Torrado Quintela, Concepción Burgo López, Noela Blanco Torrado, Raúl Fernández Fernández e María Luisa Pierres López, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Segundo a Organización Mundial da Saúde, uns 125 millóns de persoas de todo o mundo atópanse expostas ao amianto no seu lugar de traballo, ademais das expostas en razón da veciñanza e doméstica. A mesma fonte indica que cada ano morren no mundo máis de 100.000 persoas por patoloxías derivadas da dita exposición. O dano causado polo amianto é tan inmenso e inhumano para milleiros de persoas que nada pode reparar a agresión xerada; terribles efectos patolóxicos físicos e un dano moral que precisan ser reparados, un sufrimento psicolóxico terrible provocado por unha enfermidade con síntomas previsibles pero invisibles ata o irremediable.

É un feito que este material foi utilizado para a construción de edificios públicos dedicados a todo tipo de actividades, non sendo a educación unha excepción. Por tal motivo, varias son as normas que prohiben o seu uso; así, o Real decreto 396/2006, do 31 de marzo, ou a Resolución do Parlamento Europeo, do 14 de marzo de 2013, na que se pide expresamente que os Estados membros avancen no proceso de eliminación gradual do amianto no menor prazo posible.

Recentemente, a Valedora do Pobo (en comunicación remitida a CONFAPA GALICIA por unha queixa presentada por esta asociación) indica a elevadísima presenza deste material nas vulgarmente coñecidas como uralitas dos centros escolares galegos (das 4 provincias) e que a situación resulta aínda máis complexa debido á antigüidade de moitas

destas infraestruturas e ás nosas condicións climatolóxicas. Pero non só hai amianto nos tellados, tamén nas pranchas dos falsos teitos, nas caixas das persianas e incluso nas paredes dos centros escolares, usado como illante.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cantos centros de Galicia foron construídos con amianto nalgúns dos seus materiais?
2. Vai elaborar o Goberno galego un informe que permita determinar a existencia deste elemento nos centros escolares galegos? Se a resposta fose positiva, cando?
3. Vai elaborar o Goberno galego un plan de desamiantado dos centros escolares? Se a resposta fose positiva, cando?
4. Ten intención o Goberno galego de eliminar de forma rápida, segura e definitiva calquera material que conteña amianto de todos e cada un dos centros educativos de Galicia que aínda o teñan presente en calquera das súas construcións?
5. Se a resposta anterior fose positiva, vaino facer en períodos lectivos ou nos non lectivos prolongados?
6. Ten intención o Goberno galego de elaborar normativa específica que facilite instrucións aos responsables de tomar decisións, modificando as previsións da guía técnica para as instalacións nas que haxa menores de idade, co obxectivo esencial da protección da súa saúde e seguridade?

Pazo do Parlamento, 10 de febreiro de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Luis Manuel Álvarez Martínez
Julio Torrado Quintela
Concepción Burgo López
Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/02/2017 16:30
Nº Rexistro: 4899
Data envío: 10/02/2017 14:29:55.008



 **Grupo Parlamentario**

Patricia Vilán Lorenzo na data 10/02/2017 14:21:08

Luis Manuel Álvarez Matínez na data 10/02/2017 14:21:14

Julio Torrado Quintela na data 10/02/2017 14:21:18

Maria de la Concepción Burgo López na data 10/02/2017 14:21:22

Noela Blanco Rodríguez na data 10/02/2017 14:21:29

Raúl Fernández Fernández na data 10/02/2017 14:21:36

María Luisa Pierres López na data 10/02/2017 14:21:42

Partido dos
Socialistas
de Galicia

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 06.04.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 5578(10/POC-000978)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Antón Vilasánchez, María Ángeles e 9 máis

Sobre as actuacións concretas que vai acometer o Goberno
galego para a integración paisaxística dos Camiños de
Santiago á súa entrada en Compostela

Publicación da iniciativa, 76, 02.03.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2017 11:02
Nº Rexistro: 5578
Data envío: 23/02/2017 11:02:50.896

A Mesa do Parlamento

María Antón Vilasánchez, Jaime Castiñeira Broz, Gonzalo Trenor López, Martín Fernández Prado, Antonio Mouriño Villar, Marta Nóvoa Iglesias, Julia Rodríguez Barreira, Daniel Varela Suanzes-Carpegna, Paula Prado del Río e Diego Calvo Pouso, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

No ano 2021 celebrarase o vindeiro Ano Xubilar, que será o primeiro tras o de 2010, despois dun longo período de once anos.

A Xunta de Galicia está xa a traballar coa vista posta neste acontecemento, e para isto formulou o Plan estratéxico e director do Camiño de Santiago 2015 – 2021. Por outra banda, un dos retos que se ten marcado o Goberno galego nesta lexislatura é impulsar infraestruturas verdes como vías de comunicación para a promoción do turismo, infraestruturas que estean baseadas no respecto e na protección da natureza.

E unha das súas liñas de traballo que conxugan ambas as dúas estratexias será a posta en valor e a integración paisaxística dos Camiños de Santiago á súa entrada en Santiago de Compostela, de cara precisamente á celebración do Ano Xubilar en 2021, para potenciar as oportunidades e os valores actuais dos Camiños de Santiago e acadar a excelencia na experiencia do peregrino.

Unha actuación na que se fai necesaria a colaboración entre departamentos autonómicos e as distintas administracións implicadas.

Nesta liña, o pasado 19 de xaneiro, o Consello da Xunta daba luz verde á sinatura dun acordo de colaboración entre a Xunta –a través da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Axencia Turismo de Galicia- e o Concello de Santiago de Compostela para levar a cabo esta actuación de integración paisaxística dos Camiños na cidade coa vista posta no Ano Xubilar.

Este convenio foi asinado o pasado 15 de febreiro, dando así o primeiro paso para iniciar de forma efectiva a realización da mellora e adecuación dos Camiños de Santiago no termo municipal de Santiago de Compostela.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/02/2017 11:02
Nº Rexistro: 5578
Data envío: 23/02/2017 11:02:50.896

Cales son as actuacións concretas que o Goberno galego ten previsto acometer para a integración paisaxística dos Camiños de Santiago á súa entrada en Compostela?

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Maria Antón Vilasánchez na data 23/02/2017 10:54:28

Jaime Castiñeira Broz na data 23/02/2017 10:54:36

Gonzalo Trenor López na data 23/02/2017 10:54:43

Martín Fernández Prado na data 23/02/2017 10:54:51

Antonio Mouriño Villar na data 23/02/2017 10:55:00

Marta Novoa Iglesias na data 23/02/2017 10:55:07

María Julia Rodríguez Barreira na data 23/02/2017 10:55:14

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 23/02/2017 10:55:22

Paula Prado Del Río na data 23/02/2017 10:55:39

Diego Calvo Pouso na data 23/02/2017 10:55:51

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 06.04.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.5 5715(10/POC-000994)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre os datos referidos ás reunións levadas a cabo e os acordos adoptados pola mesa de traballo permanente para a potenciación do Camiño Portugués na provincia de Pontevedra, a contratación dalgunha consultoría externa para a realización dun estudo da súa accesibilidade e seguridade viaria, así como as actuacións levadas a cabo e previstas para a súa mellora

Publicación da iniciativa, 80, 09.03.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420, Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2017 11:35
Nº Rexistro: 5715
Data envío: 27/02/2017 11:35:18.871

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á seguridade no Camiño Portugués.

1. No mes de maio do 2014 creouse a Mesa de traballo permanente para a potenciación do Camiño Portugués. Na xuntanza constitutiva que tivo lugar na Deputación de Pontevedra participaron a Directora Xeral de Turismo, Nava Castro, o Presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán, o Presidente da Fundación Camiño de Santiago, Tino Lores, representantes de 12 concellos e técnicos da Deputación e da Xunta de Galiza.

Entre os acordos desta primeira xuntanza da mesa cabe sinalar o de levar a cabo un Plan de Accesibilidade, así como o de realizar obras de mellora da seguranza viaria en determinados puntos do trazado con problemas de perigosidade.

2. A Fundación Camiño de Santiago (herdeira da asociación Amigos do Camiño Portugués) presentou daquela un informe nos que se detallaban ata 11 puntos negros no treito pontevedrés da rota xacobeá, incidindo naqueles que presentaban maior perigo (“zonas moi complicadas e de elevadísimo risco”): interseccións con estradas de tráfico intenso, principalmente estradas nacionais; estradas sen beiravías; e pasos por rotondas. A intención da Fundación era que este informe fose tido en conta pola consultora encargada de estudar as actuacións de mellora da accesibilidade e a seguranza viaria no Camiño.

Na relación de puntos negros identificados en 2014 cabe sinalar:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2017 11:35
Nº Rexistro: 5715
Data envío: 27/02/2017 11:35:18.871

i. No concello de Redondela:

-a intersección do Camiño Portugués coa N 550 en Cesantes á altura do colexio público e a subida cara ao Viso;

-o acceso a Redondela

ii No concello de Pontevedra:

-o paso do Camiño por San Caetano-Alba, nunha estrada autonómica, a PO 225, de tráfico intenso e sen beiravía que inclúe o paso por unha ponte sen protección;

- a entrada en Pontevedra desde Tomeza pola estrada provincial O Marco-Tomeza-Figueirido, un treito no que o concello de Pontevedra propuxo como alternativa a vía de servizo do tren de alta velocidade que discorre en paralelo á senda do río dos Gafos.

iii No límite entre O Porriño e Mos

- o paso do Camiño por rotondas e as interseccións coa N 550

iv No concello de Soutomaior: as interseccións coa estrada en Arcade.

v No concello de Caldas: as interseccións coa N 550 con especial atención á zona de Carracedo

3. No tempo transcorrido entre 2014 e comezos de 2017 non se tomaron medidas para corrixir os principais problemas de seguranza viaria e accesibilidade do Camiño Portugués. E nada se sabe da Mesa de traballo permanente nin do estudo que se prevía realizar.

Por outra parte, ao longo destes case tres anos incrementáronse as denuncias sobre treitos do Camiño con graves problemas de seguranza viaria e accesibilidade. A este



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2017 11:35
Nº Rexistro: 5715
Data envío: 27/02/2017 11:35:18.871

respecto cabe sinalar o paso pola vía do tren na parroquia de Amieiro Longo en Mos, zona na que existe unha proposta de trazado alternativo, e o treito entre Curro e San Amaro no concello de Barro.

Ademais, cómpre prestar atención ao trazado e estado do camiño nas zonas urbanas, mellorando as interseccións con outras vías e coidando os pavimentos, a accesibilidade e a sinalética.

Por outra parte, é necesario estudar as melloras alternativas para fomentar o uso da bicicleta para facer o camiño.

4. O Camiño Xacobeo Portugués rexistrou no ano 2016 máis de 52.000 peregrinos, o que supón un 18,7% do total. Estas cifras sitúan a rota portuguesa como a máis utilizada despois do Camiño Francés, con unha demanda crecente. Esta situación fai necesaria unha acción coordinada das diferentes administracións, co liderado da Xunta de Galicia, para mellorar a promoción, o estado das infraestruturas e servizos, a sinalización, e especialmente as condicións de seguridade viaria e accesibilidade.

Polo anteriormente exposto, formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

- Cantas reunións da Mesa permanente pola potenciación do Camiño Portugués na provincia de Pontevedra tiveron lugar e cales foron os seus acordos?

- Cales destes acordos se levaron a cabo e en que consistiron as actuacións?

- Encargouse algún estudo a unha consultora externa sobre a accesibilidade e a seguranza viaria no Camiño de Santiago? En caso afirmativo, cal foi a contía do contrato? Que administración o contratou? En que ano?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/02/2017 11:35
Nº Rexistro: 5715
Data envío: 27/02/2017 11:35:18.871

- Que medidas se levaron a cabo para eliminar ou corrixir os puntos negros recollidos no informe presentado pola Fundación Camiño de Santiago en 2014?

- Que actuacións ten previsto realizar a Xunta de Galiza para mellorar a seguranza viaria e a accesibilidade no Camiño de Santiago?

- Que medidas prevé desenvolver a Xunta de Galiza para mellorar a mobilidade ciclista no Camiño Portugués a Compostela?

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2017

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 27/02/2017 11:33:13

Olalla Rodil Fernández na data 27/02/2017 11:33:20



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 27/02/2017 11:35

Nº Rexistro: 5715

Data envío: 27/02/2017 11:35:18.871

Xose Luis Rivas Cruz na data 27/02/2017 11:33:25

María Montserrat Prado Cores na data 27/02/2017 11:33:28

Noa Presas Bergantiños na data 27/02/2017 11:33:31

Ana Pontón Mondelo na data 27/02/2017 11:33:34

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 06.04.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 5874(10/POC-001027)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 3 máis

Sobre o coñecemento polo Goberno galego das concentracións de gas radón existentes en Galicia, as súas previsións respecto da recuperación da exixencia de forxados sanitarios ventilados nas vivendas de nova construción e a súa inclusión nas Normas de habitabilidade de Galicia, así como o fomento de axudas á rehabilitación co fin de favorecer a redución desas concentracións nas vivendas ou edificacións públicas

Publicación da iniciativa, 80, 09.03.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2017 13:55
Nº Rexistro: 5874
Data envío: 01/03/2017 13:55:13.497



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Luisa Pierres López, Patricia Vilán Lorenzo, Julio Torrado Quintela e Raúl Fernández Fernández, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Atendendo as advertencias de entidades como a Organización Mundial da Saúde, IRPA (International Radiation Protection Association) ou a propia Comunidade Europea na súa directiva do 21 de febreiro de 1990 (EURATOM, 1990), a inhalación de gas radón constitúe un risco para a saúde ao aumentar o risco de contraer cancro pulmonar, situándose como segunda causa de contracción desta enfermidade detrás do tabaco.

Estas últimas décadas recolléronse, na normativa de salubridade de distintos países, as sucesivas recomendacións emanadas de investigacións sobre os efectos na saúde que supón respirar en espazos pechados con presenza de gas radón.

Nese senso, o sector da edificación debe formular sistemas de protección que garantan que, a inmisión do gas ao interior dos espazos habitados, non supere os límites de concentración recomendados.

O Instituto de Ciencias da Construción Eduardo Torroja, a instancias do Consello de Seguridade Nuclear, desenrolou investigacións para sentar as bases normativas destinadas a protexer ás persoas usuarias de edificios de concentracións excesivas de gas radón.

O denominador común destas normativas é a asignación de niveis límite de concentración de radón (Comisión de Comunidades Europeas, EURATOM, 1990) < 200 Bq/m³ para vivendas de nova construción e < 400 Bq/m³ para vivendas construídas, así como a intervención con solucións construtivas que reduzan ditas concentracións por debaixo dos límites seguros. En xeral contemplan ámbitos de aplicación ben relacionados coas condicións que deben cumprir os espazos destinados a postos de traballo ou

ben espazos residenciais. En particular, no referente a espazos residenciais, as condicións de salubridade na edificación para España, están recollidas no Código Técnico da Edificación (CTE) derivado da Lei de Ordenación da Edificación (LOE). Na actualidade, esta normativa **non contempla** a protección dos usuarios dos edificios fronte ao risco de habitar con excesiva concentración de gas radón en espazos cerrados.

Durante a fase de redacción do Código, o Consello de Seguridade Nuclear de España (CSN), presentou unha proposta de inclusión dun capítulo que incluíse **medidas de protección fronte a entrada de radón en edificios de nova construción**, baseada nos límites de concentración de radón aceptables propostos pola Comisión Europea.

Nesta primeira versión do Código xa aprobada, o ministerio non creu oportuno incluír aspectos relativos a protección fronte ao gas radón. Un dos argumentos para non facelo foi o de evitar unha percepción de risco na sociedade naquelas vivendas que xa estaban construídas e para as que non se tiñan datos no momento de aprobación do código de medidas correctoras probadas. Por este motivo creuse oportuna a presentación dun proxecto de investigación que se realizou baixo o amparo e subvención do Consello de Seguridade Nuclear.

No 2011 se constatou a tal fin no "**Estudio da viabilidade e a efectividade das accións de remedio fronte á presenza de gas radón nos edificios existentes**", e mediante diversas experiencias cun módulo experimental, a idoneidade de diferentes medidas de prevención, no caso de construcións novas e de redución de emisións no caso das xa construídas.

Nas medidas baralladas de mellora do comportamento das edificacións respecto ó gas radón se contempla:

- O emprego de forxados sanitarios ventilados, de xeito natural ou preferiblemente forzado.
- A introdución de barreiras ou láminas impermeables que se interpoñan ao paso do gas.

Publicáronse polo tanto unhas conclusións que falan da efectividade das solucións e da redución e control das emisións de radón case na súa totalidade.

En Galicia, **unhas 42 (das 53) comarcas galegas presentan un risco alto de concentración de radón**. Son as provincias de Pontevedra e Ourense as máis expostas de toda España, con cifras do 21 % e 32 % respectivamente de vivendas que sobrepasan os 200 Bequerelios máximos recomendados.

Coñecendo polo tanto a singularidade xeolóxica de Galicia, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, preocupados pola incidencia que na saúde dos galegos e galegas poida ter esta especial presenza de gas radón na nosa Comunidade Autónoma, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. É o Goberno galego coñecedor da existencia destas concentracións elevadas de gas radón no territorio galego?
2. Considera que é unha situación sobre a que é necesario tomar medidas inmediatas?
3. Non considera un erro a eliminación da exixencia de forxados sanitarios ventilados en vivendas de nova construción que xa contemplaban as Normas do Hábitat Galego do ano 2007?
4. Ten pensado recuperar esta medida e introducila nas Normas de Habitabilidade de Galicia?
5. Contempla favorecer a redución das concentracións de gas radón en vivendas ou edificacións públicas xa construídas co fomento de axudas á rehabilitación que favorezan a incorporación de medidas correctoras da incidencia deste gas?

Pazo do Parlamento, 28 de febreiro de 2017

Asdo.: María Luisa Pierres López
Patricia Vilán Lorenzo
Julio Torrado Quintela
Raúl Fernández Fernández
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2017 13:55
Nº Rexistro: 5874
Data envío: 01/03/2017 13:55:13.497



 **Grupo Parlamentario**

Asinado dixitalmente por:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Luisa Pierres López na data 01/03/2017 13:52:25

Patricia Vilán Lorenzo na data 01/03/2017 13:52:30

Julio Torrado Quintela na data 01/03/2017 13:52:34

Raúl Fernández Fernández na data 01/03/2017 13:52:39

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 06.04.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.7 6197(10/POC-001080)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da dotación dunha área de peaxe á zona de enlace da vía Ártabra coa autoestrada AP-9, no lugar da Gándara-Armental, na parroquia de Pravio, a gratuidade do servizo, así como a execución da futura conexión desa vía coa A-6, ante a modificación introducida no proxecto en relación co Plan sectorial da Rede viaria da Coruña, Arteixo, Culleredo, Cambre e Oleiros

Publicación da iniciativa, 84, 16.03.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2017 17:03
Nº Rexistro: 6197
Data envío: 07/03/2017 17:03:44.621



Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, deputado do Grupo Parlamentar de En Marea, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.ª, en relación ao proxecto de construción da Vía Ártabra**.

Segundo o publicado no DOG núm. 27, do mércores 8 de febreiro de 2017, en relación ao ANUNCIO do 30 de xaneiro de 2017, sometese a trámite de información pública o proxecto de construción Vía Ártabra, treito: N-VI – AP-9, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referenciado (clave AC/04/156.01.4.1).

No proxecto citado existe unha modificación fundamental con respecto ao enunciado no “Plan Sectorial da Rede Viaria de A Coruña, Arteixo, Culleredo, Cambre e Oleiros”, e é a non conexión coa AP-9 en Catro Camiños, que pasa a ser un enlace na zona da Gándara, coa disconformidade do Concello de Cambre.

Este cambio non só esixe algunha aclaración en si mesmo, senón que esixe unha explicación acerca da futura conexión coa A-6, imprescindible ao noso xeito de ver.

Existen dúbidas debido ás manifestacións contraditorias realizadas polo Goberno do concello de Cambre e responsables da Xunta de Galicia; respecto a "unha área de peaxe" no lugar de A Gandara-Armental na parroquia de Pravio (Cambre), contemplado na memoria do proxecto. Responsables da Xunta de Galicia manifestan, que nos planos da planta de esta futura infraestrutura, non figura, polo que a Consellería de Infraestruturas insiste en que o documento, salvo erro, non contempla dito peaxe. Tampouco levará área de servizo nin descanso.



Por este motivo, o noso Grupo Parlamentar presenta as seguintes Preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

1.ª) Poden informarnos si a área mencionada de enlace do vial da Vía Ártabra coa autoestrada AP-9, no lugar de A Gandara-Armental en Pravio, vai estar dotada dunha área de peaxe e se o servizo será gratuíto?

2.ª) Como ten prevista a Xunta de Galicia a conexión da Vía Ártabra coa A-6 ante o cambio con respecto ao “Plan sectorial Viario”?

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2017.

Asdo.: Antón Sánchez García

Deputado do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 07/03/2017 17:02:28

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 06.04.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.8 6630(10/POC-001152)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre os impedimentos existentes e o prazo fixado polo
Goberno galego para a posta en servizo do último tramo da vía
Ártabra que dá acceso ao porto de Lorbé, así como as súas
previsións respecto da realización das obras necesarias para
lles posibilitar aos veciños o acceso a pé aos diversos
puntos da súa localidade sen teren que cruzar o novo vial

Publicación da iniciativa, 88, 23.03.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2017 10:40
Nº Rexistro: 6630
Data envío: 15/03/2017 10:40:15.554

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

O último tramo construído da Vía Ártabra, entre a redonda de Veigue e o porto de Lorbé leva meses rematado pero sen inaugurar oficialmente e, por tanto, sen estar aberto ao público formalmente. Todo isto a pesar de ter, a Consellería prometido formalmente a súa entrada en servizo a finais de 2016.

Porén, o feito de estar restrinxido o acceso daquela maneira, e o deficiente estado da outra estrada de acceso ao porto fixo que a xente fose retirando os valados e usando a vía. Isto fano tanto vehículos particulares como camións. Co tempo as sinalizacións que impedían o paso ou advertían da prohibición foron desaparecendo así coma os plásticos que cubrían os sinais de tráfico.

Diante destes feitos consumados a Xunta de Galicia saíu ó paso recordando que o tramo non está aberto oficialmente e que, por tanto, se alguén o utiliza é baixo a súa responsabilidade; ou o que é o mesmo, no caso de accidente a responsabilidade recaerá sobre o propio condutor.

Se ben é certo que moitos veciños da zona e empresarios veranse beneficiados por esta nova conexión . Mais para outros esta nova vía córtalles pola metade un camiño polo que baixaban á praia, ó antigo porto e accedían á panadería, farmacia e parada do bus.



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
Parlamento de Galicia
OFICINA PARLAMENTAR
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax: 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2017 10:40
Nº Rexistro: 6630
Data envío: 15/03/2017 10:40:15.554

Falta, polo tanto, facilitar o acceso dos veciños a pé pois o novo vial destruíu e tronizou os camiños de sempre.

Por todo o exposto, fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-Cales son os impedimentos e cando pensa subsanalos e poñer en servizo o último tramo da Vía Ártabra que dá acceso ó porto de Lorbé?

-Pensa facilitar o acceso dos veciños ós diferentes puntos da localidade sen teren que cruzar a Vía Ártabra.

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax: 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2017 10:40
Nº Rexistro: 6630

Data envío: 15/03/2017 10:40:15.554

Xosé Luis Rivas Cruz na data 15/03/2017 10:37:23

Noa Presas Bergantiños na data 15/03/2017 10:37:28

Olalla Rodil Fernández na data 15/03/2017 10:37:33

María Montserrat Prado Cores na data 15/03/2017 10:37:36

Xosé Luis Bará Torres na data 15/03/2017 10:37:40

Ana Pontón Mondelo na data 15/03/2017 10:37:43